

Incidencia dos incentivos de fusión na PIE contemplados na Lei (Caso de Oza e Cesuras)

14

1. RESUMO CRITERIOS DE REPARTO PIE

Mínimo Garantido: Participación ano 2003

CRITERIOS DE REPARTO

1. O 75 por cento en función do número de habitantes de dereito de cada concello, ponderado polos seguintes coeficientes, segundo estratos de poboación:

ESTRATOS	COEFICIENTE
Máis de 50.000 Habitantes	1,40
Entre 20.001-50.000 Habitantes	1,30
Entre 5.001-20.000 Habitantes	1,17
Ata 5.000 Habitantes	1,00

2. O 12,5 por cento en función do esforzo fiscal medio de cada concello ponderado polo número de habitantes de dereito de cada concello
3. El 12,5 por cento en función do inverso da capacidade tributaria. Entenderase como capacidade tributaria a resultante da relación existente entre as bases impositivas medias do Imposto sobre Bens Inmóviles urbanos por habitante de cada concello e a do estrato no que se atope, ponderada pola relación entre a poboación de dereito de cada concello e a poboación total dos incluídos nesta modalidade de participación, deducidas do Padrón municipal vixente.

Na contía que resulte da aplicación das normas do apartado anterior, engadíranse as compensacións por mermas de ingresos derivadas da reforma do Imposto sobre Actividades Económicas.

2. APLICACIÓN ENTREGA A CUENTA AÑO 2014

Hai un efecto directo no reparto que se realiza en base ao criterio poboacional (o que ten maior peso específico da participación con un 75%) producido polos coeficientes correctores, que priman aos concellos con maior número de habitantes, e que a efectos da entrega a conta do ano 2014 tradúcese o seguinte:

TRAMO DE POBOACIÓN	VALOR EUROS POR HAB. (Criterio de Poboación)
Menores de 5.000 Habitantes	107,68
Entre 5.001-20.000 Habitantes	125,99
Entre 20.001-50.000 Habitantes	139,98
Entre 50.001-75.000 Habitantes	150,75

Cesuras e Oza ten conxuntamente máis de 5.000 Habitantes, mentres que separadamente non chegan a esta cifra, polo que se ven favorecidos positivamente na fusión polo Coeficiente corrector.

EFFECTOS DERIVADOS POR APLICACIÓN DE LA LEI

A estes efectos directos, hai que engadirllas os contidos na Lei:

- Incremento de 0,10 do coeficiente de ponderación.
- O Esforzo Fiscal non pode ser inferior ao máis elevado dos valores previos que tiveran os concellos por separado.
- O Inverso da Capacidade Tributaria non pode ser inferior ao máis elevado dos valores previos que tiveran os concellos por separado.

3. RESULTADOS OZA-CESURAS

En base ao exposto, realízase un cálculo da repercusión do efecto poboacional por superar os 5.000 Habitantes e dos efectos positivos que, como mínimo, tería a aplicación dos incentivos contemplados na Lei.

1. ESCENARIO: OZA CESURAS SEPARADOS

Poboación

Contabilízanse os habitantes por separado (3.204 e 2.131 respectivamente) co que lle correspondía un coeficiente 1 polo criterio poboacional (polo que o valor de cada habitante no criterio poboación, a efectos do reparto da PIE, é de 107,68 €). É a entrega contemplada polo Ministerio para 2014.

Esforzo Fiscal

Cesuras ten un índice de 0,755 (24.975,90 Euros) e Oza un índice de 0,713 (35.424,74 Euros)

Inverso da Capacidade Tributaria

Cesuras ten un índice de 1,880 (66.201,15 Euros) e Oza de 1,514 (80.148,10 Euros)

2. ESCENARIO OZA-CESURAS FUSIONADOS

Poboación

Contabilízanse os habitantes conxuntamente (5.335) aplicando o coeficiente 1,17 correspondente a este tramo (O valor de cada habitante no criterio de poboación, a efectos do reparto da PIE, ascendería a 125,99 €) máis un 0,1 por incentivo directo da Lei (10,77 Euros por habitante máis).

Esforzo Fiscal

Aplicase o maior dos dous, neste caso o de Cesuras (0,755).

Inverso da Capacidade Tributaria

Aplicase o maior dos dous, neste caso, o de Cesuras (1,880)

RESULTADO ESTIMATIVO

CONCELLOS	IMPORTE	INCREMENTO
Oza e Cesuras separados (actual)	840.567	
Oza-Cesuras conxunto sen incentivos fusión	938.227	+ 11,62 %
Oza-Cesuras conxunto con incentivos fusión	1.013.429	+ 20,56 %

O incremento das bases impositivas do IBI segue a asfixiar a Concellos Galegos no reparto da PIE

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou as entregas a conta correspondentes á Participación nos Ingresos do Estado que percibirán os concellos durante o ano 2014.

A Entrega a Conta global descende respecto á percibida no ano 2013, se ben é certo que a maioría dos concellos recibirán unha cantidade adicional ao longo do ano 2014 correspondente á liquidación do exercizo 2012, contía que ascende a **750,47 Millóns de Euros**, e que se repartirá entre todas as entidades locais do Estado (Concellos, Deputacións e Entes asimilados).

Discriminación extremadamente negativa para os concellos galegos

Os datos volven a amosar un ano máis que os criterios de reparto prexudican aos concellos galegos de xeito moi notable. Mentres que a media galega sitúase en torno aos **197 Euros por Habitante**, a media Estatal é de **245 Euros per cápita**, con tan só **6 concellos galegos** por enriba desa media do Estado. Este diferencial é incluso maior que en anos anteriores, polo que a perda de financiamento en termos poboacionais dos concellos da nosa Comunidade xa está por enriba dos **130 Millóns anuais**.

Pero o máis salientable volve a ser o efecto perverso do criterio de reparto **“Inverso da Capacidade Tributaria”**, que **penaliza o incremento das bases impositivas dos bens inmobles urbanos, na maioría dos casos producidas por unha Revisión Catastral**. Un ano máis, este criterio pon en serias dificultades a un número importante de concellos da nosa Comunidade, con caídas da entrega a Conta que superan o 20 % nalgún caso respecto ao ano 2013.

Contrasta que, a carón dunha reforma que teoricamente pretende racionalizar a administración local, se mantéñase un inmovilismo sorprendente ante unha liña financeira que a día de hoxe é totalmente irracional en moitos

A Entrega a Conta consignada para os concellos galegos neste ano ascende a un total de **545,74 Millóns de Euros**. Desta contía, **324,72 Millóns de Euros** serán percibidos polos concellos galegos integrados no réxime xeral (os 308 que contan con menos de 75.000 Habitantes, aínda que o Ministerio, sorprendentemente, contempla 309, ao non ter en consideración que actualmente os concellos de Oza e Cesuras xa forman un só concello), e **221,02 Millóns de Euros** aos municipios englobados no Réxime de Cesión (os 6 concellos galegos con máis de 75.000 habitantes).

aspectos, a Participación nos Ingresos do Estado, que ten uns criterios de reparto que se están a manifestar como inxustos, obsoletos, e que culminan nun reparto de recursos inadecuado, e nalgúns casos disparatado.

O feito de que un incremento da presión fiscal dos cidadáns dun determinado concello, que se produce cando se acomete unha revisión catastral, culmine coa penalización financeira dos propios cidadáns a través da PIE é dificilmente entendible. A inacción de medidas por parte do Estado nesta materia está poñendo en graves problemas financeiros a determinados municipios de forma inxusta e inustificada.

Estes concellos, que aínda están a padecer os efectos da nefasta previsión realizada polo Estado na Entrega a Conta dos anos 2008 e 2009, agora sofren os derivados dun criterio lamentable, que reduce de forma drástica a Entrega a Conta que percibían ata ese momento, e ademais produce que teñan que devolver cuantiosas contías correspondentes a anos anteriores, dado que nas cantidades entregadas previamente se contemplan nestes casos índices de cálculo diametralmente distintos aos que serven para o cálculo da liquidación definitiva.

> CONCELLOS
GALEGOS

Publicación da
Federación Galega
de Municipios
e Provincias

15

> FINANCIAMENTO LOCAL

EN NÚMEROS:

DISTRIBUCIÓN INGRESOS CONCELLOS GALEGOS COMPARATIVA LIQUIDACIÓN ORZAMENTOS 2011-2012

CONCEPTO	ANO 2012			ANO 2011		
	Importe 2012 (Miles de €)	€/Hab	Peso Específico	Importe 2011 (Miles de €)	€/Hab	Peso Específico
IBI NATUREZA RÚSTICA	8.215	2,95	0,36%	7.915	2,83	0,35%
IBI NATUREZA URBANO	447.566	160,91	19,67%	395.913	141,63	17,71%
IBI BENS CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS (BICES)	24.955	8,97	1,10%	23.680	8,47	1,06%
IVTM	130.670	46,98	5,74%	130.422	46,66	5,83%
IVTNU	29.707	10,68	1,31%	28.007	10,02	1,25%
IAE	75.247	27,05	3,31%	78.262	28,00	3,50%
ICIO	31.404	11,29	1,38%	40.409	14,46	1,81%
Outros Impostos Capítulos I e II	86	0,03	0,00%	246	0,09	0,01%
Taxa pola prestación de servizos públicos básicos	190.158	68,37	8,36%	181.793	65,03	8,13%
Taxa pola prestación de servizos públicos de carácter social e preferente	18.857	6,78	0,83%	18.132	6,49	0,81%
Taxa pola realización de actividades de competencia local	26.260	9,44	1,15%	27.626	9,88	1,24%
Taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local	65.818	23,66	2,89%	59.445	21,27	2,66%
Prezos Públicos	20.619	7,41	0,91%	19.341	6,92	0,86%
Contribucións Especiais	2.218	0,80	0,10%	1.451	0,52	0,06%
Ventas	3.726	1,34	0,16%	2.644	0,95	0,12%
Reintegro de operacións correntes	2.457	0,88	0,11%	5.613	2,01	0,25%
Outros Ingresos Capítulo III	65.305	23,48	2,87%	77.835	27,84	3,48%
Transferencias Estado (Incluída PIE)	526.068	189,13	23,12%	545.683	195,21	24,40%
Transferencias da Comunidade Autónoma (Incluído FCL)	255.866	91,99	11,25%	340.476	121,80	15,23%
Transferencias Entidades Locais	81.548	29,32	3,58%	111.629	39,93	4,99%
Outras transferencias (consorcios, empresas privadas,...)	23.625	8,49	1,04%	23.962	8,57	1,07%
Ingresos Patrimoniais	22.890	8,23	1,01%	20.503	7,33	0,92%
Alleamento de Inversións Reais	1.706	0,61	0,07%	4.384	1,57	0,20%
Activos Financeiros	2.653	0,95	0,12%	3.617	1,29	0,16%
Pasivos Financeiros	217.392	78,16	9,56%	86.966	31,11	3,89%
TOTAL	2.275.016	817,91	100,00%	2.235.953	799,86	100,00%

Fonte: Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e elaboración propia